

Tribunal cualificador do proceso selectivo para cubrir trinta e sete prazas da categoría profesional de técnico/a de servizos xerais, grupo III, convocado por Resolución Reitoral do 15 de marzo de 2022 (DOG de 28 de marzo)

CUALIFICACIÓNS DO PRIMEIRO EXERCICIO E CONVOCATORIA E CRITERIOS DE CORRECCIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO

O Tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso á categoría profesional de técnico/a de servizos xerais, grupo III, da Universidade de Santiago de Compostela, en sesión celebrada o día 29 de marzo de 2023, acordou:

1) Publicar a **relación de persoas que superaron o primeiro exercicio, exame de galego**, celebrado o pasado día 23 de marzo de 2023, segundo indica o **Anexo I**.

Consonte a base 7.3 da Convocatoria as persoas aspirantes poderán, no prazo de sete (7) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da presente publicación, presentar reclamacións ás cualificacións.

2) **Convocar** ás persoas que superaron o primeiro exercicio e ás persoas exentas deste á realización do **segundo exercicio** (test) da fase de oposición. A devandita proba terá lugar o **sábado, 15 de abril de 2023, ás 10:00 horas, no Salón de Actos da Facultade de Dereito, Avenida do Doutor Ángel Jorge Echeverri, s/n, 15782 Santiago de Compostela**. Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas deberán vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir) .
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de lapis do número 2 e goma de borrar.

3) Publicar os **criterios de corrección do segundo exercicio**, recollidos no **Anexo II** do presente documento.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A presidenta do Tribunal
María del Carmen Ríos López

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ANEXO I

Relación de aspirantes que superaron o primeiro exercicio:

APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
Pérez Lorenzo, Xoan Xosé	***7654**	APTO
Santiago González, Francisco	***4438**	APTO

ANEXO II

Criterios de corrección do segundo exercicio

Tal e como se establece no Anexo I da convocatoria, o segundo exercicio do proceso selectivo para acceder á categoría profesional de técnico/a de servizos xerais, grupo III, da Universidade de Santiago de Compostela, terá carácter obrigatorio e non eliminatorio. Este exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 90 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao programa que se relaciona no Anexo II da convocatoria.

O exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos.

As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas, non computarán para a puntuación final.

As preguntas de reserva, numeradas da 91 á 95, entrarán por orde a substituír ás preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre elas.

Indicar que, tal e como establece a convocatoria, as referencias normativas poden verse afectadas polas modificacións que se produzan ata a data do exame e nese caso entenderanse referidas á lexislación en vigor.

Lémbrese ás persoas aspirantes que o tempo máximo de duración do exercicio será de 95 minutos desde que o Tribunal indique o seu inicio, agás para aquelas que teñan concedida algunha adaptación que supoña ampliación do tempo establecido.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL CARMEN RIOS LOPEZ, NIF ***3967**, 30/03/2023 14:10:47.

CSV: A3EF-84A0-4A3B-8C74